Neste momento deberá quedar documentalmente acreditado que se cumpren todos os requisitos necesarios para o recoñecemento da obrigación, entre os que se encontrará, no seu caso, a acreditación da realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que autorizaron e comprometeron o gasto así como o resultado favorable da comprobación material do investimento.

Tal e como prevé o artigo 19 do RD 424/2017, sen prexuízo do establecido no artigo 13 deste Regulamento, ao efectuar a intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións **deberase comprobar**, ademais:



- a) Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente.
- b) Que os documentos xustificativos da obrigación se axustan ás disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación. En todo caso, na documentación deberá constar:
 1. Identificación do acredor.
 2. Importe exacto da obrigación.
 3. As prestacións, servizos ou outras causas das que derive a obrigación do pago.
- c) Que se comprobou materialmente, cando proceda, a efectiva e conforme realización da obra, servizo, subministro ou gasto, e que foi realizada no seu caso a dita comprobación.

Respecto á **intervención da comprobación material do investimento**, o artigo 20 establece que antes de liquidar o gasto ou recoñecer a obrigación verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato.

A intervención da comprobación material realizarase polo órgano interventor, que poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

Os órganos xestores deberán solicitar ao órgano interventor, ou en quen delegue, a súa asistencia á comprobación material do investimento cando o importe desta sexa igual ou superior a 50.000,00 euros², con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, e sen prexuízo de que as bases de execución do orzamento fixen un importe inferior, cunha antelación de vinte días á data prevista para a recepción do investimento de que se trate.

A intervención da comprobación material do investimento realizarase, en todo caso, concorrendo o órgano interventor, ou en quen delegue, ao acto de recepción da obra, servizo ou adquisición de que se trate.

Cando se aprecien circunstancias que o aconsellen, o órgano interventor podrá acordar a realización de comprobacións materiais do investimento durante a execución das obras, a prestación de servizos e fabricación de bens adquiridos mediante contratos de subministracións.

O resultado da comprobación material do investimento reflectirase en acta que será subscriba por todos os que concorran ao acto de recepción da obra, servizo, ou adquisición e na que se farán constar, no seu caso, as deficiencias apreciadas, as medidas a adoptar para subsanalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de recepción.

Na dita acta ou en informe anexo poderán os concorrentes, de xeito individual ou colectivo, expresar as opinións que estimen pertinentes.

Nos casos en que a intervención da comprobación material do investimento non sexa preceptiva, a comprobación do investimento xustificarse coa acta de conformidade asinada por aqueles que participaron na mesma ou cunha certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará terse feito cargo do material adquirido, especificándoo co detalle necesario para a súa identificación, ou terse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, foran previamente establecidas.

² Débese ter en conta o establecido na disposición adicional terceira, apartado terceiro, da Lei de Contratos do Sector Público, na que se di que o órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, excepto os contratos menores (os dun valor estimado inferior a 40.000,00 euros nos contratos de obras, ou a 15.000,00 euros nos contratos de subministracións ou de servizos), en exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que esixe o artigo 214.2.d) d Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Poderá estar asistido na recepción por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do director de obra e do responsable do contrato.

Parece, por tanto, que os órganos xestores deban solicitar a asistencia do órgano interventor para a comprobación material do investimento para o caso que o importe supere os 40.000,00 euros no caso dos contratos de obras.



iii. Da intervención formal e material do pago (art. 21, 22 e 23 RD 424/2017).

Están sometidos a **intervención formal da ordenación do pago** os actos polos que se ordenan pagos con cargo á Tesourería da Entidade Local. A dita intervención terá por obxecto verificar que as ordes de pago:

- Se ditan por órgano competente.
- Se axustan ao acto de recoñecemento da obrigaición, o que se verificará mediante o exame dos documentos orixinais ou da certificación do dito acto e da súa intervención subscripta polos mesmos órganos que realizaron as ditas actuacións.
- Se acomodan ao plan de disposición de fondos, o que se verificará mediante o exame do propio plan de disposición de fondos ou do informe que ao respecto emita a Tesourería da entidade.

Nos supostos de existencia de retencións xudiciais ou de compensacións de débedas do acredor, as correspondentes minoracións no pago acreditaranse mediante os acordos que as dispoñan. A intervención formal da ordenación do pago alcanzará a estes acordos de minoración.

Se o órgano interventor considerase que as ordes de pago cumpren os requisitos sinalados anteriormente, fará constar a súa conformidade mediante dilixencia asinada no documento en que a orde se contén ou en documento resumo de cargo ás caixas pagadoras. O incumprimento dalgún dos requisitos indicados anteriormente motivará a formulación de reparo polo órgano interventor, nas condicións e cos efectos previstos na sección 1.^a do capítulo III do RD 424/2017.

Está sometida a **intervención material do pago** a execución das ordes de pago que teñan por obxecto:

- a) Cumprir, directamente, as obrigaicións da Tesourería da entidade.
- b) Situar fondos a disposición de caixeiros e axentes facultados legalmente para realizar pagos aos acredores.
- c) Instrumentar o movemento de fondos e valores entre as contas da Tesourería.

A dita intervención incluírá a verificación da competencia do órgano para a realización do pago, da correcta identidade do perceptor e do importe debidamente recoñecido.

Cando o órgano interventor encontre conforme a actuación asinará os documentos que autoricen a saída dos fondos e valores. Se non a encontra conforme en cuanto á identidade do perceptor ou a contía do pago formulará reparo motivado e por escrito, nas condicións e cos efectos previstos na sección 1.^a do capítulo III.

iv. Da fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa (art. 24 a 27 RD 424/2017).

Sen prexuízo do establecido no artigo 13 en canto o réxime de fiscalización limitada previa, a fiscalización previa das **ordes de pago a xustificar** verificarase mediante a comprobación dos seguintes requisitos:

- a) Que as propostas de pago a xustificar se basean en orde ou resolución de autoridade competente para autorizar os gastos a que se refiran.
- b) Que existe crédito e o proposto é o adecuado.
- c) Que se adaptan ás normas que regulan a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo aos seus respectivos orzamentos de gastos.
- d) Que o órgano pagador, a cuxo favor se libren as ordes de pago, xustificou dentro do prazo correspondente o investimento dos fondos percibidos con anterioridade polos mesmos conceptos orzamentarios. Non obstante, non procederá o reparo por falta de xustificación dentro do prazo de libramentos anteriores cando, para paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública, o Presidente da Entidade autorice a expedición dunha orde de pago específica.
- e) Que a expedición de ordes de pago «a xustificar» cumpre co plan de disposición de fondos da Tesourería aprobado polo Presidente da Entidade, salvo no caso de que se trate de paliar as



consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.

Entenderase que se cumpre co plan de disposición de fondos da Tesourería, cando as ordes de pago a xustificar se realicen con cargo a conceptos orzamentarios autorizados nas bases de execución do orzamento e se acomoden ao dito plan nos termos establecidos no artigo 21³.

A fiscalización previa das ordes de pago para a **constitución ou modificación dos anticipos de caixa fixa** verificarase mediante a comprobación dos seguintes requisitos:

- a) A existencia e adaptación ás normas que regulan a distribución por caixas pagadoras do gasto máximo asignado.
- b) Que a proposta de pago se basea en resolución de autoridade competente.

Sen prexuízo do resto de requisitos que poidan regular as bases de execución, na fiscalización previa das reposicións de fondos por anticipos de caixa fixa o órgano interventor comprobará en calquera caso:

- a) Que o importe total das contas xustificativas coincide co dos documentos contables de execución do orzamento de gastos.
- b) Que as propostas de pagos se basean en resolución de autoridade competente.
- c) Que existe crédito e o proposto é adecuado.

O incumprimento dos requisitos esixidos para os pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa indicados anteriormente, motivará a formulación de reparo polo órgano interventor nas condicións e cos efectos previstos na sección 1.^a do capítulo III, excepto nos supostos previstos nos apartados d) e e) das ordes dos pagos a xustificar indicados anteriormente.

Sen prexuízo das regulacións específicas sobre esta materia que poidan establecer as normas regulamentarias das Entidades Locais, na intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e dos anticipos de caixa fixa, procederase da seguinte maneira:

- a) Comprobarase que corresponden a gastos concretos e determinados en cuxa execución se seguira o procedemento aplicable en cada caso, que son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos, que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos ou servizos e que o pago se realizou a acredor determinado polo importe debido.
- b) A verificación dos extremos indicados no parágrafo anterior realizarase examinando as contas e os documentos que xustifiquen cada partida, podendo utilizarse procedementos de muestreo.
- c) Os resultados da verificación reflectiranse en informe no que o órgano interventor manifestará a súa conformidade coa conta ou os defectos observados na mesma. A opinión favorable ou desfavorable contida no informe farase constar na conta examinada, sen que teña este informe efectos suspensivos respecto da aprobación da conta.
- d) O órgano competente aprobará, no seu caso, as contas, que quedarán a disposición do órgano de control externo.

Con ocasión da dación de conta da liquidación del orzamento e a remisión ao Pleno do informe anual referido no artigo 15.6 (informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos) e, nun punto adicional, elevarase ao dito órgano un informe cos resultados obtidos do control das contas a xustificar e anticipos de caixa fixa.

No Anexo 2 desta guía básica describíronse aqueles outros extremos e/ou requisitos a revisar nas actuacións derivadas da intervención formal e material do pago, dos anticipos de caixa fixa e dos pagos a xustificar, establecidos nos artigos 21 a 27 do RD 424/2017.

³ Ver punto iii.



C. Réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos

Logo de todo o anterior, o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos debe, cando menos, revisar os extremos mínimos que fixa a *Resolución de 2 de xuño da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos*, (en adiante ACM2008), así como a *Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios*, (en adiante ACM2018) nos supostos que sexan aplicables ás entidades locais, que deberán comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende.

Coa presente guía pretende facerse unha adaptación ao sector local do ACM2008 e do ACM2018, partindo da base de que ambos os dous teñen por finalidade o control do gasto pola Administración Xeral do Estado.

Pretende ser de utilidade para as entidades locais da provincia de Lugo, sen prexuízo de futuras revisións ou ampliacións do seu contido. Esta adaptación dos ACMs ás entidades locais chégase tras unha análise das disposicións e requisitos que prevé este Acordo xunto coa normativa que lle é de aplicación.

Os tipos de gasto e obrigacións sobre os que se ha de exercer a fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos prevese que sexan a totalidade do gasto xerado na entidade local, o cal se recolle no Anexo I.

Diferéncianse as seguintes áreas de gastos:

1. Persoal
2. Contratación, contratos patrimoniais e privados, e responsabilidade patrimonial
3. Subvencións e transferencias, e convenios de colaboración suxeitos á Lei 40/2015
4. Expedientes urbanísticos
5. Gastos financeiros



III. ANEXO I

**Tipos de gastos e
obligacións sometidos a
fiscalización limitada
previa en réxime de
requisitos básicos, e
requisitos básicos a
comprobar**



Relaciónanse, a título informativo, as áreas, expedientes e actuacións coas correspondentes referencias legais que resultan de aplicación aos requisitos básicos.

Nos **requisitos básicos xerais**, a referencia legal de aplicación corresponde ao propio RD 424/2017, ao TRLRFL e/ou á normativa específica do área de gasto.

En relación coa normativa aplicable nos **extremos adicionais a comprobar**, que resultan da adaptación aos entes locais dos requisitos fixados polos ACMs respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, ademais do RD 424/2017 e/ou da normativa específica, inclúense as disposicións dos ACMs que regulan o mesmo gasto ou obrigaón.



1

ÁREA DE PERSOAL



A. 1 ÁREA: ÁREA DE PERSOAL

1.1 EXPEDIENTE: Altas persoal funcionario

1.1.1 ACTUACIÓN: Aprobación de convocatoria de persoal funcionario de carreira (fase A)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fid62edignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.1.2 ACTUACIÓN: Aprobación de convocatoria de personal funcionario interino (fase A)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.1.3 ACTUACIÓN: Nomeamento de persoal funcionario de carreira (fase D)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.1.4 ACTUACIÓN: Nomeamento de persoal funcionario interino (fase D)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.1.5 ACTUACIÓN: Nomeamento de persoal funcionario derivado de comisión de servizos (fase AD/D)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.1.6 ACTUACIÓN: Nomeamento e cese de persoal funcionario derivado de libre designación (fase AD/D)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.1.7 ACTUACIÓN: Outras formas de provisión de persoal funcionario (fase AD)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.2 EXPEDIENTE: Altas persoal laboral

1.2.1 ACTUACIÓN: Aprobación de convocatoria de persoal laboral fixo (fase A)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.2.2 ACTUACIÓN: Aprobación de convocatoria de personal laboral temporal (fase A)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.2.3 ACTUACIÓN: Contratación de persoal laboral fixo (fase D)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
B.1	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.1	Incorporación de certificado acreditativo, expedido por órgano competente, de que o posto a cubrir figura detallado na respectiva relación ou catálogo de postos de traballo e está vacante.
B.2	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.1 Art. 91 e 103 LBRL Art. 19.1 LRFP Art. 55.2.a) TREBEP Art. 58.4 e 205.4 LEPGal	Foi cumprimentado o requisito de publicidade da correspondente convocatoria nos termos establecidos pola normativa que en cada caso resulte de aplicación. ⁴
B.3	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.1 Art. 63 LEPGal	Acreditación dos resultados do proceso selectivo por parte do órgano competente. ⁵
B.4	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.1 Art. 11 TREBEP Art. 63 LEPGal	Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
B.5	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.1 Art. 27 TREBEP Art. 142 LEPGal	Que as retribucións ⁶ que se sinalen no contrato se axusten ao Convenio Colectivo que resulte de aplicación.

⁴ Art. 58.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril (GAL). As convocatorias e as súas bases publicaranse no diario oficial correspondente e vinculan a Administración pública convocante, os órganos de selección e as persoas que participan no proceso selectivo.

⁵ Art. 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril (GAL). A condición de persoal laboral adquirese pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións esixidas e, de ser o caso, da superación do correspondente proceso selectivo

⁶ As retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso as contías das retribucións básicas e o incremento das contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, que deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos.



1.2.4 ACTUACIÓN: Contratación de persoal laboral temporal (fase D)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
B.1	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2 Art. 63 LEPGal	Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida por parte do órgano competente. ⁷
B.2	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2 Art. 11 TREBEP Art. 63 LEPGal	Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.
B.3	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2	No suposto de contratación de persoal con cargo aos créditos de investimentos, verificarase a existencia de informe do responsable de Recursos Humanos ou da Secretaría xeral da entidade sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.
B.4	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2 Art. 27 TREBEP Art. 142 LEPGal	Que as retribucións ⁸ que se sinalen no contrato se axusten ao Convenio Colectivo que resulte de aplicación.

⁷ Art. 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril (GAL). A condición de persoal laboral adquirese pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións esixidas e, de ser o caso, da superación do correspondente proceso selectivo

⁸ As retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso as contías das retribucións básicas e o incremento das contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, que deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos.



1.2.5 ACTUACIÓN: Contratación de persoal laboral temporal a través dun Plan de contratación (fase D)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
B.1	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2	No suposto de contratación de persoal con cargo aos créditos de investimentos, verificarase a existencia de informe do responsable de Recursos Humanos ou da Secretaría xeral da entidade sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.
B.2	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2 Art. 27 TREBEP Art. 142 LEPGal	Que as retribucións ⁹ que se sinalen no contrato se axusten ao Convenio Colectivo que resulte de aplicación.
B.3	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2	Verificación de que os contratos que poderán ser celebrados ao amparo do Plan se adecúan ao disposto na normativa vixente.
B.4	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.2	Que o Plan de contratación contén unha descrición do proceso selectivo que se seguirá en aplicación do antedito Plan.

⁹ As retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso as contías das retribucións básicas e o incremento das contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, que deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos.



1.2.6 ACTUACIÓN: Prórroga de contratos laborais (fase AD)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
B.1	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 2.4	Que a duración do contrato non supera o prazo previsto na lexislación vixente.



1.3 EXPEDIENTE: Altas persoal directivo e/ou eventual

1.3.1 ACTUACIÓN: Aprobación de convocatoria de persoal directivo (fase A)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Lexislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.



1.3.2 ACTUACIÓN: Contratación de persoal directivo (fase D)

A	Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL	Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL	Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
B	Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
		Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.

1.3.3 ACTUACIÓN: Contratación de persoal eventual (fase AD)¹⁰

A		Ref. Legislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL		Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL		Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 174 e 219.2.a) TRLRFL		Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do TRLRFL.
A.4	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL		Ao tratarse de tramitación anticipada sen financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento.
A.5	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 e 174.1 TRLRFL		Ao tratarse de tramitación anticipada con financiamento afectado, que se inclúe a subordinación da autorización do gasto ao crédito para o exercicio o cal se autorice no orzamento e á firmeza do financiamento.
A.6	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL		Que o gasto se xera por órgano competente.
B		Ref. Legislativa	Extremos adicionais a comprobar
			Non se prevé este tipo de expediente e actuación no ACM.

¹⁰ Art. 176.2 TRRL. Os postos de traballo reservados a este tipo de persoal deberán figurar no cadro de persoal da Corporación.



1.4 EXPEDIENTE: Expedientes de nóminas de retribucións do persoal

1.4.1 ACTUACIÓN: Expedientes de nóminas de retribucións do persoal (fase ADO/O)

A		Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
A.3	Art. 13.2.b) RD 424/2017 Art. 185 TRLRFL	Que o gasto se xera por órgano competente.
A.4	Art. 19.a) RD 424/2017	Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente.
A.5	Art. 19.b) RD 424/2017	Que os documentos xustificativos do recoñecemento da obrigación se axustan á norma de aplicación e identifican o acreedor, o importe e a prestación ou outra causa do recoñecemento.
B		Extremos adicionais a comprobar
B.1	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 3	Que as nóminas estean asinadas polo responsable de Recursos Humanos da entidade e que se propoñen para a súa autorización ao órgano competente.
B.2	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 3	No caso das nóminas de carácter ordinario e das unificadas de período mensual, comprobación aritmética que se realizará efectuando o cadre total da nómina co que resulte do mes anterior máis a suma alxébrica das variacións incluídas na nómina do mes de que se trate.
Xustificación documental limitada aos seguintes supostos de alta e variación en nómina, co alcance que para cada un deles se indica:		
B.3	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 3	Altos cargos ¹¹ : copia do acordo de nomeamento ou documento no que se indique a data da súa publicación oficial, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación das retribucións.
B.4	Art. 13.2.c) RD 424/2017 ACM2008 3 Art. 11 TREBEP	Persoal laboral de novo ingreso: copia do plan ou do expediente de contratación sobre o que foi exercida a fiscalización do gasto, e do contrato formalizado en todo caso.

¹¹ Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado.



1.5 EXPEDIENTE: Expedientes de produtividade, complementos e outras variacións

1.5.1 ACTUACIÓN: Expediente de autorización e compromiso do complemento de produtividade (fase AD)

A	Ref. Lexislativa	Requisitos básicos a comprobar
A.1	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 172, 176 e 219.2.a) TRLRFL	Que existe crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto que se propón contraer, e que se incorpora no expediente o correspondente certificado de existencia de crédito ou documento equivalente.
A.2	Art. 13.2.a) RD 424/2017 Art. 173.6 TRLRFL	Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financien son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.
